

COUSO E ARCA

Prisciliano: historia precisa, mito necesario

20.03.2010

XABIER CASTRO RODRÍGUEZ

Poucas figuras míticas teñen aberto na historia un manancial de teorías, de universos lendarios e posicionamentos relixiosos e pagáns enfrontados como os que suscita Prisciliano. A ampla bibliografía que se arremuíña ao seu carón, dentro e fóra de Galicia, é a evidencia da atracción e magnetismo que rodean aquela voz singular urdida por volta do século IV. Como afirmaba Chadwick no seu estudo Prisciliano de Ávila: "Unha voz nova removeu as igrexas hispanas. Un segregar de rango senatorial, moi devoto e educado, chamado Prisciliano, comezou a pedirles aos seus irmáns cristiáns que tomaran máis en serio a súa renuncia bautismal e consagrasen máis tempo ao estudo das cousas do espírito". Ensaio, estudo e literatura de ficción rodean desde sempre a persoa e o personaxe nunha sorte de xogo de equilibrios entre a ficción e a realidade que chegan deica nós. E lembramos Alba de Groria, aquel discurso de Castelao escrito en clave de país e nación, onde agroma a presenza do asceta e home austero: "Ao fronte de todos vai Prisciliano, o heresiarca decapitado, levando a súa propia caveira n-unha arqueta de marfin e afincándose n-un longo caxato, que remata coa fouce dos druidas, a modo de báculo episcopal".

E agora, un novo volume deita luz, moita luz, enriba do mito, o teólogo, o herexe? Trátase da achega de Victorino Pérez Prieto que neste estudo, Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario (Editorial Galaxia) cun Adro de Pilar García Negro, achega investigación e análise arredor do home e da corrente priscilianista que, nas súas orixes foi urbana e co discorrer do tempo vincularase ao ámbito rural, moito menos romanizado e que aínda conservaba o vencello coa tradición prerromana, céltica, e estaba posicionado á marxe de conflitos conciliares e heréticos. Como sexa, lembremos que hai historiadores que salientan a relación do culto aos Mártires e as prácticas priscilianistas mesmo despois da chegada dos árabes e, o que semella evidente, foi un fío condutor desde a orixe do priscilianismo deica nós: "Un fío continuo até a eclosión do tema na Idade Moderna".